

EXERCICIOS REPASO SIGNOS DE PUNTUACIÓN E EMPREGO DE MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS

- ✓ Data de entrega: xoves, **25 de febreiro**.
- ✓ Excepto o último exercicio, os demais deberédolos realizar nun folio á parte e presentar todo de maneira adecuada:
 - Entrégase o folio de exercicios e a folla ou follas á parte onde resolvas as tarefas que corresponde.
 - Os exercicios deben estar presentados de maneira curiosa: respecto polas marxes e limpeza.

1. Xustifica de maneira clara e tendo en conta as regras que explicamos na aula, por que se colocan os signos de puntuación marcados entre parénteses.

- a) Onte, teu irmán chegou tarde. **(coma)**
- b) Para facer o cocido necesito: patacas, grelos, fabas, costela, orella, polo... **(dous puntos, comas e puntos suspensivos)**
- c) Mónica, chamoute Luís. **(coma)**
- d) Algúns dos alumnos, aos que eu non coñecía, repetían as palabras daquel mestre: “Nada do que aprendedes é inútil”. **(comas, dous puntos)**
- e) Fala inglés con corrección, mais non é tan boa co francés. **(coma)**
- f) As miñas amigas teñen moitas virtudes: Carme é moi empática, sensible e comprensiva; Lucía é bromista, práctica e resolutiva e Mercedes é organizada, tranquila e sempre está cando a necesitas. **(punto e coma)**
- g) En todo este tempo estudei, traballei e atendín os meus; estou moi satisfeito co meu esforzo. **(punto e coma)**

2. Reescribe as seguintes oracións facendo as correccións oportunas dos signos de puntuación.

- a) Un grave accidente, ocasionou a dimisión da xunta directiva.
- b) Cartelle. 23 de xaneiro de 2.015.
- c) Podes levar a cámara; pero ten moito coidado Pedro.
- d) Aldán, que coñece a moita xente díxome que Luís o seu cuñado me podía axudar.
- e) Daniel chega tarde sempre; eu algunhas veces.
- f) Os convidados procedían de lugares como: Vigo, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo, Sanxenxo, Boiro, Vilanova,...

- Le con atención a páxina 126 e 127 do libro de texto correspondente ao 2º trimestre e realiza os seguintes exercicios.

3. Exercicio nº 1 da páxina 127 do libro de texto do 2º trimestre.

4. Completa os ocos coa letra maiúscula ou minúscula.

- __rezado amigo: __scríboche este correo para te convidar á presentación da revista __iencia __oxe.
- O __lcalde de __ianxo inaugura o congreso __astelao __oxe.
- Gústame moito ler o xornal __raza __ública.
- __osalía __e __astro publica __antares __allegos en 1863.
- O meu mozo naceu na __oruña o __uns 28 de __ullo de 2001.
- O 7 de __bril conmemorouse o __ía __undial __a __aúde e eu coñecín unha __outora magnífica.
- Oriéntate cara ao __orte.
- O __r. Paco non quere saber nada de __ostede.
- Ese rapaz é __ompostelán, é dicir, é de __antiago __e __ompostela.